- Que o Concello de Arteixo actúe con carácter urxente nas estradas de titularidade municipal que presentan un estado deficiente do firme, co obxecto de evitar accidentes ou danos nos vehículos.
- Que desde o Concello se inste á **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas** e á **Axencia Galega de Infraestruturas** ao arranxo dos tramos de estrada de titularidade autonómica que se atopan en mal estado no termo municipal de Arteixo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 09/03/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: v3AX+W21Nc9CBLqTJnwh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 05/03/2026 12:40:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 07/03/2026 12:35:00)
Versión imprimible
CVD [redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

## Rogo NA charlas e talleres nenos-as necesidades especiais (RE 202699900001893 do 24.02.2026).-

**ROGO PLENO ORDINARIO:**

Charlas e talleres para familias con nenos e nenas con necesidades especiais.

**EXPOSICIÓN:**

Na actualidade existen nenos e nenas con necesidades especiais cuxas familias continúan atopando dificultades no acceso á información, aos recursos e aos servizos dispoñibles para mellorar a súa calidade de vida.

As charlas e talleres dirixidos ás familias son unha ferramenta útil de orientación, apoio e acompañamento, achegando información, estratexias prácticas e apoio emocional. Estas actividades poden ser impartidas por profesionais especializados ou por asociacións especializadas no ámbito das necesidades especiais do propio municipio, como a asociación **IncluArt de Arteixo**, que conta con experiencia e traballo recoñecido neste eido.

**ROGAMOS:**

- Que se estude a posibilidade de crear e desenvolver charlas ou talleres dirixidos a familias con nenos e nenas con necesidades especiais no Concello de Arteixo.
- Que se poñan á disposición espazos municipais, como os locais sociais, co fin de facilitar o acceso a estas actividades e achegalas tamén ás zonas máis rurais e afastadas do núcleo urbano.

## Rogo NA reparación mobiliario deteriorado (RE 202699900001893 do 24.02.2026).-

**ROGO PLENO ORDINARIO:**

Reparación do mobiliario deteriorado no paseo do embalse de Meicende.

**EXPOSICIÓN:**

Atendendo ás demandas trasladadas por veciños e veciñas da zona de Meicende, ponse en coñecemento o mal estado no que se atopa diverso mobiliario urbano situado nesta área, presentando elementos claramente deteriorados ou mesmo completamente rotos.

Entre os elementos afectados atópanse, entre outros, a varanda ou valado de protección existente entre o paseo e o embalse, así como bancos que se atopan en mal estado, rotos ou tirados, o que supón un risco potencial para a seguridade das persoas usuarias e unha evidente degradación do espazo público.

**ROGAMOS:**

- Que o Concello de Arteixo proceda á revisión e reparación do mobiliario urbano deteriorado existente na zona de Meicende, en especial da varanda de protección entre o paseo e o embalse e dos bancos que se atopan en mal estado.
- Que se actúe con carácter prioritario naqueles elementos que poidan supoñer un risco para a seguridade da veciñanza.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 09/03/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: v3AX+W21Nc9CBLqTJnwh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 05/03/2026 12:40:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 07/03/2026 12:35:00)
Versión imprimible
CVD [redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

**BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.-**

**PreguntaBNG_CasasApostas (RE 202699900001833 do 22.02.2026).-**

PROBLEMAS DE SEGURIDADE PÚBLICA NO ENTORNO DAS CASAS DE APOSTAS

EXPOSICIÓN

No Pleno do mes de decembro o BNG presentou unha moción sobre o problema das ludopatías e os problemas de seguridade asociados que foi aprobada por unanimidade de todos os grupos políticos da Corporación. Nela acordouse reforzar a vixilancia e a coordinación das forzas de seguridade nas contornas dos locais de apostas co obxectivo de previr conflitos, mellorar a seguridade cidadá e garantir a convivencia veciñal. Porén estanse a suceder continuos altercados nelas, nomeadamente na de Luckia ao carón do Feitiño e na que está preto do Siroco en fronte de Correos.

Por iso **preguntamos:**

Que actuacións ven de realizar o Concello para paliar estes focos de inseguridade e para cumprir o resto dos acordos tomados en esta Moción?

**PreguntaBNG_Gasolineira (RE 202699900001833 do 22.02.2026).-**

GASOLINEIRA EN CONSTRUCIÓN

EXPOSICIÓN

Na actualidade atópase en construción unha nova gasolineira no Polígono de Sabón nunha parcela en fronte da nave da Deputación cedida ao Concello a troques de terreos en Morás. Sabemos que os permisos correspondentes non son competencia municipal máis a veciñanza está preocupada pois estará situada a menos de vinte metros do embalse cuxa auga ademais utilizase para consumo humano.

Por iso **preguntamos:**

Indagou o Concello sobre o escrupuloso cumprimento das normativas esixibles para este tipo de negocio e interesouse sobre a non afectación ás augas do embalse?

**PreguntaBNG_VivendasSociais (RE 202699900001833 do 22.02.2026).-**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 09/03/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: v3AX+W21Nc9CBLqTJnwh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 05/03/2026 12:40:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 07/03/2026 12:35:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Cofinanciado por la Unión Europea

MINISTERIO DE HACIENDA

Fondos Europeos

Arteixo

## PROXECTO RESIDENCIAL EN A PENOUQUEIRA

### EXPOSICIÓN

A Xunta de Galiza ven de aprobar o informe estratéxico para urbanizar este ámbito en Arteixo que permitirá a construción de 160 novas vivendas. Nun principio insinuouse que estas vivendas contarían cun réxime de protección oficial, máis agora informase que soamente parte delas contarán con este réxime.

Por iso **preguntamos:**

Cantas destas 160 vivendas do proxecto do IGVS contarán cun réxime de protección oficial?

**RogoBNG_AparcamentosIndebidos (RE 202699900001833 do 22.02.2026).-**

## APARCAMENTOS INDEBIDOS

### EXPOSICIÓN

Unha das problemáticas da circulación viaria en Arteixo é provocada polos aparcamentos indebidos en lugares prohibidos e inapropiados que provocan graves caos circulatorios impedindo a normal circulación dos vehículos cando non a impiden directamente. Por citar algunhas zonas nomearemos a do entorno de Vilarrodis, coas rúas Alcalde Platas Varela (á altura de Mapfre), a rúa Nicaragua detrás do Pasatempo ou a rúa Aurelio Rivalta.

Por iso **rogamos:**

Que se estude o problema para acadar unha solución definitiva que podería pasar por proporcionar alternativas de aparcamento acompañadas das sancións correspondentes cando corresponda.

**RogoBNG_Arteixoven (RE 202699900001833 do 22.02.2026).-**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 09/03/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: v3AX+W21Nc9CBLqTJnwh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 05/03/2026 12:40:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 07/03/2026 12:35:00)
Versión imprimible
CVD: [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 09/03/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: v3AX+W21Nc9CBLqTJnwh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 05/03/2026 12:40:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 07/03/2026 12:35:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/



ARTEIXOVEN

EXPOSICIÓN

O pasado 14 de febreiro celebrouse o Arteixoven 2026 con motivo do Entroido. Á veciñanza, mesmo a rapazada, preocúpalle que estes eventos acábense convertendo en botellóns improvisados que, independentemente de si mesmos e froito de evidentes incivismos, acaban co resultado de zoas cheas a rebentar de lixo impropias dunha sociedade civilizada.

Por iso **rogamos:**

Que as iniciativas adicadas á xuventude, que deben de ser moitas e son moi necesarias, organizadas polo concello sexan orientadas a actividades lúdicas pero máis educativas e culturais, fuxindo de actos que acaben rematando en botellóns improvisados.

**RogoBNG_VertedurasSuevos (RE 202699900001833 do 22.02.2026).-**

VERTEDURAS SUEVOS

EXPOSICIÓN

Como cada ano véñense producindo preocupantes verteduras ao carón do Areeiro en Suevos, agravadas este ano polas continuas borrascas que se están a producir, deteriorando novamente a estrada recentemente amañada. Sabemos que se está a ampliar a sección de canalización que evitaría este problema de evacuación cara ao EDAR de Béns e que hai problemas coas características do terreo, máis estamos vendo que a estrada na que se están a gastar cartos e máis cartos vaise ver novamente afectada.

Por iso **rogamos:**

Que se estude algún tipo de solución temporal para evitar que estas verteduras volvan a deteriorar a devandita estrada e que estas augas fecais contaminen as praias próximas.

**PARTIDO SOCIALISTA.-**

**Preguntas PSOE instalación gasolineira (RE 202699900001949 do 24.02.2026).-**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 09/03/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: v3AX+W21Nc9CBLqTJnwh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 05/03/2026 12:40:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 07/03/2026 12:35:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/



## PREGUNTAS SOBRE A INSTALACIÓN DUNHA GASOLINERA A POUCOS METROS DO ENCORO DO ROSADOIRO

Nestas datas asistimos ao inicio da construción dunha nova gasolineira no polígono de Sabón, estará situada na Avenida da Deputación no tramo que hai entre INOSA e a rotonda do Seixedo no marxe onde se sitúa o encoro do Rosadoiro.

A distancia que hai entre a beirarrúa da avenida e o propio embalse debe de ser menor aos 50 metros e hai que ter en conta que o propio concello ten unha captación neste encoro que potabiliza para dar auga de consumo as empresas do polígono, despois de facer unha inversión pública importante para este fin.

Sabemos que os trámites que ten que facer unha promotora que desexe instalar unha gasolineira constan dun proxecto e autorizacións das administracións, entre elas o concello que debe dar unha licencia de obra e outra de actividade, ademais das autonómicas de industria e os informes sectoriais pertinentes.

O noso grupo solicitou o expediente tramitado para instalar esta gasolineira no concello co fin de ver os informes e permisos pertinentes, entre eles o de Augas de Galicia e a demarcación hidrolóxica Galicia-Costa á que pertence dito encoro, xa que o concello ten que ter unha unha concesión para captar agua deste encoro e a nova instalación de combustibles estará pegada ao borde do encoro.

Dende o noso parecer, unha gasolineira a escasos metros do encoro non semella ser a mellor localización posible, coa perigosidade de contaminar o encoro que subministra auga de consumo para as empresas do polígono e resulta preocupante que o grupo de goberno que finalizou a modificación das normas deste polígono fai uns tres anos , non tivese en conta a protección medioambiental do encoro e a seguridade dunha fonte de captación de auga na que gastamos moitos miles de euros da cidadanía.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **PREGUNTARLLE** ao goberno local:

- ¿Que opina o grupo de goberno da instalación dunha gasolineira a poucos metros do borde do encoro do Rosadoiro onde capta auga o noso concello?, ¿Ten todos os informes positivos e dadas as licencias municipais a nova gasolineira?, ¿Que di augas de Galicia sobre a distancia da nova instalación ás augas do encoro?

**Preguntas PSOE ordenanza taxis (RE 202699900001949 do 24.02.2026).-**

## PREGUNTAS SOBRE A NOVA ORDENANZA DO SERVIZO DE TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS EN VEHÍCULOS DE TURISMO (TAXIS)

No pleno de mes pasado o grupo de goberno trouxo para aprobación inicial o documento de "ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS EN VEHÍCULOS DE TURISMO", un documento que foi publicado este 6 de Febreiro de 2026 no BOP e ten un prazo de alegacións de 30 días hábiles dende esta data.

O grupo socialista é coñecedor das múltiples queixas existentes entre os usuarios/as de dito servizo público que denuncian a imposibilidade de atopar un taxi nos fins de semana e as noites, a insuficiencia de vehículos adaptados e outras de menor calado. Tamén somos coñecedores das queixas dos propietarios de ditos vehículos pola desatención que sofren por parte do goberno local nos tempos de tramitación dos seus expedientes, tardando de 6 meses a un ano na transferencia das licencias, no troco de vehículos, etc... tamén o estado da infraestrutura das paradas municipais, a falla de axudas ao sector, etc....

Cando o noso grupo foi coñecedor da existencia da nova ordenanza, puxémonos en contacto con representantes do sector que eran descoñecedores da existencia de dito

documento, ata a propia directiva da Asociación de taxistas Santa Eufemia dixo que non se falara con eles nos trámites anteriores a dita aprobación inicial.

A redacción dunha nova ordenanza debera de ter sido debatida co sector, analizando as problemáticas propias dos usuarios/as e tamén dos propios/as taxistas para a procura de acordos que dean resposta á realidade existente, xa que a cidadanía espera dos seus gobernantes solucións reais e non documentos que non garantan os seus dereitos.

Fai case un mes dende a aprobación inicial da ordenanza e case quince días dende a súa publicación e o sector do taxi segue sen ter marcada unha reunión co alcalde e grupo de goberno nesa procura de solucións reais aos problemas do servizo.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **PREGUNTARLLE** ao goberno local:

- ¿Cando pensa o grupo de goberno darlle cita á Asociación de taxistas Santa Eufemia para falar da nova ordenanza en período de alegacións?, ¿pensan que as solucións dos problemas do taxi e da veciñanza virán simplemente coa aprobación desta nova redacción?

**Preguntas PSOE peche bar local social Suevos (RE 202699900001949 do 24.02.2026).-**

## PREGUNTAS SOBRE O PECHE DO BAR NO LOCAL SOCIAL DE SUEVOS E A INEXISTENCIA DE RENOVACIÓN DO XIMNASIO

O 7 de Maio de 2021 un medio de comunicación local anunciaba a finalización da construción do novo local social de Suevos e anunciaba que segundo o goberno local sería "*un edificio de tres plantas, un bajo y dos pisos más. En el primero se ubicará la futura cafetería del centro social. Ahora mismo tiene instalada la barra y parte de la instalación de cocina. En el primer piso se situará una sala polivalente para diferentes actividades y hay dos espacios para oficinas que serán destinadas a la asociación de vecinos y al club de fútbol. En la tercera altura se sitúa un gimnasio, que también cuenta con un vestuario. Además, en cada planta existe una terraza*"

O bar sacouse a licitación no 2022 por dous anos prorrogable outros dous, cun canon dun euro ao ano, é dicir practicamente unha cesión gratuíta. Vimos recentemente nos decretos de goberno como non se lle daba unha segunda prórroga por obras a realizar nas instalacións, pero descoñecemos cales son nun edificio de recente construción, xa que foi executado fai 5 anos e o bar está pechado dende fai tempo sen noticias dos prazos para a execución de ditas obras e dunha nova licitación que non sabemos canto tempo durará.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 09/03/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: v3AX+W21Nc9CBLqTJnwh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 05/03/2026 12:40:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 07/03/2026 12:35:00)
Versión imprimible
CVD[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

A realidade é que a veciñanza de Suevos viu como pechaba o único local de hostalaría que quedaba na parroquia, despois do peche do Carmelo e como en Rañobre tamén pechaba a Viña, quedando a xente con máis dificultades para moverse sen un lugar a onde acudir no seu entorno e sen unha data próxima de nova apertura.

Por outra banda, no antigo edificio a veciñanza gozaba dun ximnasio na planta baixa que o goberno local decidiu planificar na terceira planta tal e como ven na noticia enviada aos medios de comunicación polo propio concello, pero a realidade é que cando apareceron as novas máquinas para dita instalación, non collían pola porta existente e o grupo de goberno non deu solución aos usuarios, quedando esta promesa incumplida.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **PREGUNTARLLE** ao goberno local:

- ¿Canto tempo vai a estar a veciñanza de Suevos sen poder utilizar o bar do local social?, ¿por que non se planificaron as obras e a nova licitación co tempo necesario para evitar tanto tempo de peche?, ¿Pensa o goberno cumprir a promesa de instalar o ximnasio na planta terceira?

**Rogo PSOE instalación servizos cidadanía parques (RE 202699900001987 do 25.02.2026).-**

## ROGO SOBRE A INSTALACIÓN DE SERVIZOS PARA A CIDADANÍA EN PARQUES, PASEOS E ZONAS DE ESPARCEMENTO DO CONCELLO

En moitas ocasións este grupo ten solicitado ao goberno local que mellore as infraestruturas de uso público que a nosa administración presta á cidadanía, tanto sexa no mantemento das actuais como na instalación de outras novas.

Unha das cuestións máis suxeridas pola cidadanía do noso concello é o mantemento das nosa zonas verdes, parques, xardíns, paseos, xogos infantís, pistas deportivas e a mellora dos servizos que estes espazos ofrecen á nosa veciñanza e visitantes.

A falla de baños públicos e fontes nestes ámbitos é evidente, e resulta incómodo non atopar ningún baño público en toda a zona do parque central aberto de luns a domingo, no paseo fluvial do río Bolaños ou rego da Bidueira, o mesmo sucede no entorno do parque de Monticaño onde tampouco existe alternativa en espazos privados, ou no entorno das pistas deportivas do campo da festa de Arteixo ou do Meicende concilia, ou o peche continuo nos baños do parque do Seixedo, etc, etc.... A esta falla de baños públicos tamén lle podemos sumar a inexistencia de fontes onde poder refrescarse, limparse ou dar de beber ás nosas mascotas.

Vemos como os concellos da nosa contorna e de todo o territorio galego teñen este tipo de instalacións, tanto sexan fixas como móbiles para darlle servizo á veciñanza e

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 09/03/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: v3AX+W21Nc9CBLqTJnwh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 05/03/2026 12:40:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 07/03/2026 12:35:00)
Versión imprimible
CVD [redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Cofinanciado por la Unión Europea — MINISTERIO DE HACIENDA — Fondos Europeos — Arteixo

visitantes, pero en Arteixo en lugar de avanzar cara unha mellora destes servizos, a tendencia é a eliminalos para evitar o mantemento e os actos vandálicos, perxudicando a unha inmensa maioría da cidadanía que ten comportamentos cívicos.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **ROGARLLE** ao goberno local:

- Que se planifique a instalación de baños públicos e fontes nos lugares de maior presencia da cidadanía para os seus momentos de lecer, parques públicos, paseos, pistas multideporte e parques infantís como os mencionados neste rogo.

**Rogo PSOE Parque Igrexa Pastoriza (RE 202699900001987 do 25.02.2026).-**

## ROGO ESTADO DO PARQUE DA IGREXA DE PASTORIZA E A BEIRARRÚA DA AVENIDA DE PASTORIZA ONDE ESTABA SITUADO O ANTIGO LAVADEIRO

Fai moito tempo que o noso grupo solicitoulle ao grupo de goberno a reparación do muro que rodea o parque da Igrexa de Pastoriza entre as rúas "Camposanto" e "Ramón y Cajal", ademais de facerlle mantemento a dito parque e a súa vexetación.

Dende aquela solicitude neste pleno o grupo de goberno non fixo nada por reparar o muro e a veciñanza denuncia que non se fixo mantemento nas árbores existentes que levan 4 anos sen podar e son un perigo para as persoas que utilizan dito parque.

Por outra banda denuncian como o tramo de beirarrúa da Avenida de Pastoriza que vai dende o cruce da rúa Lagarto ata o cruce coa rúa Gregorio Hernández está sempre cheo de lodo polos vehículos que aparcan o queren acceder á parcela onde está o cruce con esta segunda rúa, unha situación similar á que denunciábamos no centro de Arteixo, onde existen moitos solares que non están preparados para o aparcamento e fan intransitable o paso dos peóns.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 09/03/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: v3AX+W21Nc9CBLqTJnwh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 05/03/2026 12:40:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 07/03/2026 12:35:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **ROGARLLE** ao goberno local:

- Que se repare o muro do parque da igrexa de Pastoriza e se proceda a facer o mantemento da súa vexetación e se tomen medidas para evitar o mal estado habitual da beirarrúa da Avenida de Pastoriza no tramo enunciado neste rogo.

**Rogo PSOE seguridade Rúa Figueiras (RE 202699900001987 do 25.02.2026).-**

**ROGO SITUACIÓN DE SEGURIDADE DA RÚA FIGUEIRAS DESPOIS DO DERRUBE DUN MURO DE CONTENCIÓN NUNHA PARCELA E A NECESIDADE DUNHA REHABILITACIÓN DA ALDEA DE OSEIRO**

Neste mes asistimos ao derrube dun antigo muro de contención dunha parcela situada na rúa Figueiras de Oseiro que puxo en perigo aos posibles viandantes e vehículos que circulan por dita rúa e ten preocupada á veciñanza pola estabilidade dese terreo e novos derrubes que puideran darse ou estabilidade doutras parcelas lindeiras.

Nese mesmo ámbito sabemos da dispoñibilidade para negociar dos propietarios da antiga edificación de pedra que está situada entre a rúa Rañobre e a rúa do Igrexario para unha posible cesión e mellorar a accesibilidade da aldea de Oseiro, algo que xa tratamos aquí en diversas ocasións e non sabemos se houbo algún tipo de contacto ou trámite dende o concello nun lugar onde se fai moi necesario un plan de rehabilitación que pedimos dende fai moitos anos.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Arteixo quere **ROGARLLE** ao goberno local:

- Que se tomen as medidas oportunas para garantir a seguridade dos que circulan pola rúa Figueiras e das edificacións existentes e que se nos informe de se houbo algún tipo de contacto ou trámite para negociar cos propietarios da antiga edificación que fai esquina entre a rúa do Igrexario e a rúa Rañobre para mellorar a accesibilidade e seguridade de Oseiro aldea.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 09/03/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: v3AX+W21Nc9CBLqTJnwh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 05/03/2026 12:40:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 07/03/2026 12:35:00)
Versión imprimible
CVD [redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

**Rematada a intervención, pásase a dar resposta aos rogos e preguntas reflectidos, xenerándose o debate correspondente.**

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia remátase a sesión, sendo as trece horas e cinco minutos do mesmo día da data, de todo o que eu , Secretario Xeral, dou fe.

| | |
|---|---|
| **O ALCALDE-PRESIDENTE** | **O SECRETARIO XERAL** |
| José Carlos Calvelo Martínez | José María Vázquez Pita |

Archivo de video
-----------------------------------------------
Sesión :Pleno Ordinario 26.02.2026.-

Archivo :Pleno Ordinario 26.02.2026.-.mp4

Código SHA512 (Hash) del video: 3e27a51905e87eb99c948d3fa3450aeb0a5b144f07807d1f0b54590631ae57b956906ddf4386ce81b63aab78de132c2e5c6e89b7a9cf7cdcd6ebb26ec66af6f7

Catalogación de la sesión
-----------------------------------------------

**** 00:00:04.254 - (9:22:49) - 00:01:13.105 : A) PARTE RESOLUTIVA.- 1. APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (Pleno Ordinario 29/01/2026).-
00:00:47.326 - (9:23:32) - 00:00:35.049 : Secretario/a

**** 00:01:17.379 - (9:24:02) - 00:00:02.980 : 2. DACIÓN CONTA INFORMACIÓN TRIMESTRAL EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 4ºT 2025.-
00:00:47.326 - (9:23:32) - 00:00:35.049 : Secretario/a

**** 00:01:20.379 - (9:24:05) - 00:16:28.777 : 3. APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DA RPT EN ADAPTACIÓN AO CONTIDO DO EXPEDIENTE ORZAMENTARIO 2026.-
00:00:47.326 - (9:23:32) - 00:00:35.049 : Secretario/a
00:01:22.405 - (9:24:07) - 00:00:08.001 : Secretario/a
00:01:30.436 - (9:24:15) - 00:00:51.985 : Martínez Canosa, Noelia
00:02:22.451 - (9:25:07) - 00:05:56.580 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
00:08:19.061 - (9:31:04) - 00:02:19.157 : Calvelo Martínez, Carlos
00:10:38.248 - (9:33:23) - 00:01:12.095 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
00:11:50.373 - (9:34:35) - 00:01:19.189 : Seco, Martín
00:13:09.592 - (9:35:54) - 00:17:05.658 : Calvelo Martínez, Carlos

**** 00:17:49.176 - (9:40:34) - 00:00:04.964 : (sin descripción)
00:13:09.592 - (9:35:54) - 00:17:05.658 : Calvelo Martínez, Carlos

**** 00:17:54.160 - (9:40:39) - 00:05:38.527 : 4. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DIA MUNDIAL DAS ENFERMIDADES RARAS 2026.-
00:13:09.592 - (9:35:54) - 00:17:05.658 : Calvelo Martínez, Carlos

**** 00:23:32.707 - (9:46:17) - 00:06:25.558 : 5. MANIFESTO 8 DE MARZO DE 2026 - FEGAMP. AS MULLERES, XESTORAS DO CAMBIO.-

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 09/03/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: v3AX+W21Nc9CBLqTJnwh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 05/03/2026 12:40:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 07/03/2026 12:35:00)
Versión imprimible
CVD [redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

00:13:09.592 - (9:35:54) - 00:17:05.658 : Calvelo Martínez, Carlos

**** 00:29:58.285 - (9:52:43) - 00:00:05.965 : 6. MOCIÓN DO BNG PARA CONSEGUIR AVANZAR EN IGUALDADE REAL E EFECTIVA FRONTE AO REARMAMENTO DO MACHISMO (RE 202699900001656 do 17.02.2026).-

00:13:09.592 - (9:35:54) - 00:17:05.658 : Calvelo Martínez, Carlos

**** 00:30:04.270 - (9:52:49) - 00:31:29.823 : 7. MOCIÓN DO PSOE RELATIVA AO 8-M, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES (RE 202699900001692 do 18.02.2026).- 8. MOCIÓN DO BNG PARA RECLAMAR QUE SE GARANTA UN FINANCIAMENTO XUSTO E UN MODELO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) (RE 202699900001656 do 17.02.2026).-

00:13:09.592 - (9:35:54) - 00:17:05.658 : Calvelo Martínez, Carlos
00:30:15.280 - (9:53:00) - 00:04:42.516 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
00:34:57.826 - (9:57:42) - 00:05:12.533 : Cedeira, Ana
00:40:10.389 - (10:02:55) - 00:06:00.657 : Martínez Canosa, Noelia
00:46:11.076 - (10:08:56) - 00:07:06.064 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
00:53:17.170 - (10:16:02) - 00:03:31.345 : Martínez Canosa, Noelia
00:56:48.545 - (10:19:33) - 00:01:33.126 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
00:58:21.701 - (10:21:06) - 00:02:46.361 : Cedeira, Ana
01:01:08.092 - (10:23:53) - 00:00:53.095 : Calvelo Martínez, Carlos

**** 01:01:34.113 - (10:24:19) - 00:30:35.418 : 8. MOCIÓN DO BNG PARA RECLAMAR QUE SE GARANTA UN FINANCIAMENTO XUSTO E UN MODELO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) (RE 202699900001656 do 17.02.2026).-

01:01:08.092 - (10:23:53) - 00:00:53.095 : Calvelo Martínez, Carlos
01:02:01.217 - (10:24:46) - 00:03:32.392 : Fernández Iglesias, Raúl José
01:05:33.639 - (10:28:18) - 00:01:20.251 : Martínez Canosa, Noelia
01:06:53.920 - (10:29:38) - 00:03:58.392 : Cedeira, Ana
01:10:52.342 - (10:33:37) - 00:01:47.220 : Ramos Álvarez, Inés
01:12:39.592 - (10:35:24) - 00:07:40.829 : Fernández Iglesias, Raúl José
01:20:20.451 - (10:43:05) - 00:01:02.033 : Martínez Canosa, Noelia
01:21:22.514 - (10:44:07) - 00:02:48.267 : Seco, Martín
01:24:10.811 - (10:46:55) - 00:05:23.532 : Ramos Álvarez, Inés
01:29:34.373 - (10:52:19) - 00:02:56.205 : Calvelo Martínez, Carlos

**** 01:32:09.551 - (10:54:54) - 00:27:17.589 : 9. MOCIÓN DO PSOE RELATIVA Á REALIZACIÓN DUNHA AVALIACIÓN INTEGRAL DO ESTADO DAS ESTRADAS DO NOSO MUNICIPIO E POSTERIOR POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE CHOQUE DE REPARACIÓNS (RE 202699900001692 do 18.02.2026).-

01:29:34.373 - (10:52:19) - 00:02:56.205 : Calvelo Martínez, Carlos
01:32:30.608 - (10:55:15) - 00:02:00.126 : Seco, Martín
01:34:30.764 - (10:57:15) - 00:01:13.111 : Martínez Canosa, Noelia
01:35:43.905 - (10:58:28) - 00:02:37.266 : Fernández Iglesias, Raúl José
01:38:21.201 - (11:01:06) - 00:04:39.486 : Caamaño Varela, José Manuel
01:43:00.717 - (11:05:45) - 00:04:39.423 : Seco, Martín
01:47:40.170 - (11:10:25) - 00:01:11.080 : Martínez Canosa, Noelia
01:48:51.280 - (11:11:36) - 00:01:42.095 : Fernández Iglesias, Raúl José
01:50:33.405 - (11:13:18) - 00:02:30.126 : Caamaño Varela, José Manuel
01:53:03.561 - (11:15:48) - 00:02:23.267 : Seco, Martín
01:55:26.858 - (11:18:11) - 00:04:18.376 : Calvelo Martínez, Carlos

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 09/03/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: v3AX+W21Nc9CBLqTJnwh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 05/03/2026 12:40:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 07/03/2026 12:35:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

**** 01:59:27.160 - (11:22:12) - 00:34:57.886 : 10. MOCIÓN DA CONCELLEIRA NON ADSCRITA RELATIVA Á CREACIÓN DE AXUDAS COMPENSATORIAS A CLUBS DEPORTIVOS SEN USO DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (RE 2026/999/1840 do 22.02.2025).-

01:55:26.858 - (11:18:11) - 00:04:18.376 : Calvelo Martínez, Carlos
01:59:45.264 - (11:22:30) - 00:02:55.189 : Martínez Canosa, Noelia
02:02:40.483 - (11:25:25) - 00:02:34.345 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
02:05:14.858 - (11:27:59) - 00:04:43.470 : Seco, Martín
02:09:58.358 - (11:32:43) - 00:08:09.860 : Calvelo Martínez, Carlos
02:18:08.248 - (11:40:53) - 00:02:20.298 : Martínez Canosa, Noelia
02:20:28.576 - (11:43:13) - 00:01:15.111 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
02:21:43.717 - (11:44:28) - 00:02:18.189 : Seco, Martín
02:24:01.936 - (11:46:46) - 00:03:10.298 : Calvelo Martínez, Carlos
02:27:12.264 - (11:49:57) - 00:00:42.048 : Martínez Canosa, Noelia
02:27:54.342 - (11:50:39) - 00:07:06.783 : Calvelo Martínez, Carlos

**** 02:34:25.066 - (11:57:10) - 00:00:04.965 : 11. ASUNTOS DE URXENCIA.-

02:27:54.342 - (11:50:39) - 00:07:06.783 : Calvelo Martínez, Carlos

**** 02:34:30.051 - (11:57:15) - 01:09:29.652 : B) PARTE DE CONTROL.- 1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS E BANDOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA E DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL.- 2. ROGOS E PREGUNTAS.-

02:27:54.342 - (11:50:39) - 00:07:06.783 : Calvelo Martínez, Carlos
02:35:01.155 - (11:57:46) - 00:06:36.548 : Martínez Canosa, Noelia
02:41:37.733 - (12:04:22) - 00:02:02.251 : Fernández Iglesias, Raúl José
02:43:40.014 - (12:06:25) - 00:08:43.954 : Couto Rodríguez, Xosé Xurxo
02:52:23.998 - (12:15:08) - 00:15:25.877 : Sánchez Novo, Jose María
03:07:49.905 - (12:30:34) - 00:08:41.813 : Ramos Álvarez, Inés
03:16:31.748 - (12:39:16) - 00:06:44.845 : Castro Calvete, Luis Alberto
03:23:16.623 - (12:46:01) - 00:01:06.017 : Calvelo Martínez, Carlos
03:24:22.670 - (12:47:07) - 00:03:02.330 : Castro Calvete, Luis Alberto
03:27:25.030 - (12:50:10) - 00:00:42.985 : Calvelo Añón, José Antonio
03:28:08.045 - (12:50:53) - 00:02:53.314 : Calvelo Martínez, Carlos
03:31:01.389 - (12:53:46) - 00:00:59.048 : Calvelo Añón, José Antonio
03:32:00.467 - (12:54:45) - 00:04:29.423 : Calvelo Martínez, Carlos
03:36:29.920 - (12:59:14) - 00:02:51.267 : Dubra Lopez, María Dolores
03:39:21.217 - (13:02:06) - 00:02:36.236 : Caamaño Varela, José Manuel
03:41:57.483 - (13:04:42) - 00:02:02.220 : Calvelo Martínez, Carlos

****************************************************************************************

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 09/03/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: v3AX+W21Nc9CBLqTJnwh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 05/03/2026 12:40:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 07/03/2026 12:35:00)
Versión imprimible
CVD: [redacted] Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/